

Se a década dos anos sesenta coñeceu en Occidente o comezo da liberación feminina e, por extensión, da revolución sexual. Caído o tabú –pechado ata aqueles anos no submundo pechado dos baixos fondos urbanos–, a industria do lecer incorporou o erotismo coma xénero de seu. E foi nos campos das publicacións para adultos e da música donde foi máis doado encetar a presenza desta estimulación.

Revistas coma *Playboy* –fundada en Chicago en 1953 por Hugo Hefner– e a secuela británica *Penthouse* foron a pista de aterrizaxe para popularizar o erotismo, dun xeito semellante a como actuou no campo da música a inesquecible *Je t'aime moi non plus*, de Serge Gainsbourg, cantada con Jane Birkin e publicada en 1969.

Mais estas expresións eran de consumo privado ás máis das veces. Porén, cando o erotismo aberto pasou ao cine acadou unha representación colectiva. Xa houbera películas que promoveron a condición de símbolo sexual das protagonistas, como sucedeu con Brigitte Bardot en *E Deus creou a muller*, de Roger Vadim (1956). Porén, foi coa chegada dos anos setenta cando se produciu a eclosión do cine erótico. Max Pécas dirixiu en 1970 *Eu son unha ninfómana* e *Eu son fríxida... ¿por qué?* (1972), películas que colocaba a pulsión sexual ou a total ausencia dela a maneira de xustificación. Un papel rompedor que nos Estados Unidos correspondeu a *Vixen!* (1969) de Russ Meyer.

Mais, alén de subprodutos de consumo fácil, foron moitos os directores de solvencia que exploraron o erotismo en imaxes. Paul Verhoeven, con *Delicias holandesas* (1971) e *Delicias turcas* (1973); Valerian Borowczyk, que dirixiu *Contos inmoraís* (1974), *A besta* (1975) ou *Interior dun convento* (1977); Liliana Cavani e o seu *Porteiro de noite* (1974), con Dirk Bogarde e Charlotte Rampling. Ou Federico Fellini con *Casanova* (1976) e Donald Sutherland no papel do libertino. Nesta película colaborou coma escenógrafo Danilo Donati –que xa colaborara con Visconti, Monicelli, Pasolini e Zeffirelli– que en 1979 dirixiu *Calígula*, cun espléndido Peter O'Toole, película que facilmente podería ser con-



Sylvia Kristel no cartel promocional de "Emmanuelle" (1974).

Perpignan non plus

Corenta anos do cinema erótico

JOAQUIM VENTURA

Se tivéssemos que facer balance do que foi o cine erótico dos anos setenta, cabería previamente tirar os prexuízos que en España tiñamos, impostos pola moralidade imperante durante o franquismo. Daquela as que posiblemente non pasaban de ser películas lixeiramente escandalosas, entre nós adquirían auténtica dimensión de categoría. Quizais por iso case corenta anos despois revisar algunhas delas pode provocar máis dunha decepción. Posiblemente porque os límites visuais foron superados anos despois, xa que logo coa expansión da rede.

Porén, e malia as trabas da censura, o cine español tamén tentou –e conseguiu– rachar os límites vi-

xentes. De xeito intelixente ou casposo mais rachounos. Unha situación que o propio cine comercial español analizou en películas como *Lo verde empieza en los Pirineos* (1973), de Vicente Escrivá. E

Feito en España

protagonista deste film foi la actriz alemá Nadiuska, auténtico tótem erótico da transición sexual española.

Eran tempos das dobres versións e de xustificar os nus femininos "por esixencia do guiño". Po-

rén, o mercado exterior tamén foi destino de películas españolas homologables coas europeas. E nese negocio cómpre salientar os directores Jess Franco, con películas coma a temperán *Justine* (1968) ou *Ópalo de lume* (1978), e Enrique Guevara con *Jill* (1977). E dentro dos directores canónicos non podemos esquecer a Luís García Berlanga, sexómano confeso, con *Tamaño natural* (1973).

Foron tempos de moitas asignaturas pendentes e, como todas as febres, tiveron un pico para despois se resituár na súa xusta medida. E proba diso foi a vida efímera que tiveron as salas especiais ou X cando se popularizaron os videos e as tendas de aluguer de películas.

Certos filmes deron en verdadeiros fenómenos sociais

siderada pornográfica mais que sobrevive perfectamente o paso dos anos.

E sempre resultou difícil riscar a liña que afastaba o erotismo da pornografía. Prostitución, escravismo sexual, lesbianismo e nazismo formaron un cóctel que deu películas coma a do italiano Tinto Brass *Salón Kitty* (1974) –con Helmut Berger e Ingrid Thulin– ou as de Don Edmonds *Ilsa, a loba das SS* (1974) e *Ilsa, a hiena do harén* (1976).

No extremo contrario, tamén atopamos o esteticismo –co filtro do flou– para filmar corpos espidos de rapazas, como foi o caso do fotógrafo británico David Hamilton e películas como *Laura, as sombras do verán* (1979) ou *Terras curmáns* (1980), que posiblemente hoxe serían obxecto de persecución penal.

E houbo películas que trascenderon –voluntariamente ou non– os límites do cine minoritario para pasar a constituir verdadeiros fenómenos sociais. Sería o caso de *Emmanuelle* (1974), que fixo tal de Sylvia Kristel, e *Historia de O* (1975), de Just Jaeckin. Tamén de *Garganta profunda* (1972) de Gerard Damiano, cunha Linda Lovelace que representaba unha rapaza que tiña o clítoris na gorxa, con escenas ambas as dúas de sexo claramente explícito.

E, por riba de todas, *O derradeiro tango en París* (1972), de Bernardo Bertolucci, con Marlon Brando e María Schneider. Unha película que convoco millares de peregríns españois aos cines de Perpiñán e de Biarritz, chamados máis polo morbo da escena da manteiga para unha penetración anal ca pola soberbia interpretación de Brando, a música de Gato Barbieri ou a espléndida fotografía de Vittorio Storaro. Sen esquecer que tiivo dúas nominacións aos Oscar coma mellor película e mellor protagonista masculino.

Un xénero que acadou o seu cumio cunha verdadeira obra mestra do erotismo e da imaxe, a xaponesa *O imperio dos sentidos* (1976) de Nagisa Oshima, película dobremente subversiva porque na sociedade nipóna o sexo público segue a ser tabú. A máis impactante historia de paixón e sexo nunca filmada.